

**XIV Festa do Tinto das
Rías Baixas en As
Neves**

Páxina II

**Obras de mellora no
acceso ao
IES Salvaterra de Miño**

Páxina V

**Nomeamento da
Comisión Xestora do
PSOE de Pontearéas**

Páxina VIII

**Mondariz presenta
unha nova edición do
festival Outono en Son**

Páxina XIII

**Constituída a
plataforma SOS Fonte
de Troncoso**

Páxina XIV



Oleiros (Salvaterra) contará cun paso de peóns intelixente

Páxina VII

Óptica mahen
mahen audioprótesis Ópticos desde 1939



Nº Reg. Sanitario E-36-000038

P O N T E A R E A S

r ú a s e n é n c a n i d o , 4

CONDADO/PARADANTA

Primeiro concerto na nova 'Casa da Música' de As Neves

A 'Casa da Música' de Rubiós acolleu a primeira actuación logo dunha completa reforma que vén de adaptar a mesma ás necesidades contemporáneas.

A este primeiro concerto, acompañando ás veciñas e veciños de As Neves, acudiu a presidenta da Deputación de Pontevedra, Carmela Silva, xunto co alcalde, Xosé Manuel Rodríguez Méndez, o primeiro tenente de alcalde, Marcelino Couto, xunto co resto dos membros do Goberno municipal.

Carmela Silva salientou o seu compromiso e o da Deputación na "mellora das infraestruturas culturais dos concellos da provincia" dentro do obxectivo de potenciar o equilibrio entre eles e, subliñou, "porque os e as cidadáns dos concellos da provincia, vivan onde vivan,

teñen as mesmas necesidades e os mesmos dereitos".

"Responde á necesidade de As Neves"

O alcalde asegurou que a nova 'Casa da Música' é "unha obra excelente porque tamén é excelente o é o traballo dos membros da banda e da escola de música". Xosé Manuel Rodríguez Méndez amosouse confiado en que "esteá á altura dunha tradición que hai en Rubiós, a parroquia da música de As Neves dende hai máis de 135 anos".

Rodríguez Méndez engadiu que a reforma responde a unha necesidade da sociedade, posto que esta nova 'casa' de As Ne-

ves cumpre unha dupla finalidade: "albergar á banda de música, albergar as ensinanzas musicais e servir, ademais, ás necesidades da parroquia".

400.000€ de inversión

Os traballos, que van permitir reforzar o uso destas instalacións para actividades culturais diversas conclúen un proxecto financiado pola Deputación, ao abeiro do Plan de Reequilibrio e o Plan Concellos 2018-2019, no que o investimento final foi de 401.435€.

Máis polo miúdo, as obras consistiron na construción dun novo volume anexo ao centro polo escenario, con destino a camerino e almacén, cun acceso independente ao edificio e que serve de complemento ao salón de actos.

Do mesmo xeito, se habilitou



un novo corredor que posibilitará no futuro a unión do vestíbulo do centro cultural coa antiga casa dos mestres e co novo volume dos camerinos, mellorando a accesibilidade entre ambos espazos. E, no eixo deste corredor, creáronse tres novas salas polivalentes. O conxunto ten tamén un novo

acceso polo norte, cunha parcela que se acondicionou como aparcamento.

O novo edificio desenvólvese nunha única planta, dun xeito funcional e accesible. Os novos volumes foron executados en formigón armado visto, con grandes panos acristalados que matizan as unións entre eles.

XIV Festa do Tinto das Rías Baixas en As Neves

O programa da 'XIV Festa do Tinto das Rías Baixas', que como cada ano ten As Neves coma escenario, empeza este mesmo xoves, 3 de outubro, e seguirá, con diferentes propostas e actividades, ata o vindeiro día 12.

Segundo sinala o alcalde de As Neves, Xosé Manuel Rodríguez Méndez, o obxectivo é

xerar ao redor desta festa unha 'cultura' dos sabores, tanto dos propios desta cita enolóxica, coma gastronómicos, culturais ou paisaxísticos.

Con esta idea, o vindeiro xoves, terá lugar unha 'Cata-maridaxe A catro mans', ás 21:30h, no Restaurante Horta e Viño do Hotel Nande, cos chefs Fran Sotelino e Rui Ribeiro.

O sábado, día 5, ás 16:30 h, dende a Praza do Concello, sairá a 'Andaina do Tinto Rías Baixas', que durante dúas horas percorrerá viñedos de As Neves, completado a xornada cun 'concerto no solpor' e a degustación de pincho e viño da D.O. Rías Baixas no Hotel Nande.

Ese mesmo día, e ata o venres, 11, desenrolarase a 'V Ruta dos pinchos do Tinto Rías Bai-



xas', no que participan os principais locais de restauración de As Neves, ofrecendo pincho e viño a un prezo de 2,5€.

O sábado 12, chegará o 'día central' da cita deste ano, que empezará ás 10:30 h. coa apertura da Festa, dará paso ás

13:00h. ao pregón a cargo da actriz e presentadora de televisión Neves Rodríguez, quen abrirá unha xornada na que ademais do protagonismo do viño e da gastronomía, haberá música e actividades pensadas para os máis pequenos.



Director: Guillermo Rodríguez Fdez.
T.658 58 50 49
guillermo@novasdoeixoatlantico.com

Tradución e corrección: Montserrat Rodríguez
cursosspanhol.cep@gmail.com

Edita: Editorial NOVAS DO EIXO ATLÁNTICO S.L.
Avda. Sarmiento Rivera, 4-4ºD
(36860 PONTEAREAS - GALIZA)
T. 986 64 12 69
x.foroapeneira@gmail.com

Imprime: Publicaciones Tameiga S.L.
Publicidade: Dpto. propio e axencias
x.foroapeneira@gmail.com

Deseño e maquetación: Fran Eiró

Colaboradores: Rocio Pereira Luzro81@hotmail.com, Anxo S. Porto Ucha, Raquel, Carlos Méixome, Vázquez, Viale Moutinho, Manuel X. Xiralde, Fco. Puñal Suárez, Pilar Martínez, Manuel Rodríguez Alonso, Xulián Maure, Uxio Breogán, X.A. Pérez Lema, Xosé González Martínez, Manuel Bragado, Baldomero Iglésias (Mero), Nicolás Xamardo, Luís Martínez Risco, Fco. Peña Castiñeira, Nemesio Barxa, Andrea Goro, Anxo Mena, Inma Otero Varela, Manso Preto, Isabel Varela, Francisco Álvarez-KOKI.

Depósito legal: VG 226-2018

■ ■ ■ Por Xosé González Martínez. Presidente do Foro E. Peinador

Falando da publicidade en galego

O Parlamento de Galicia, Secretaría Xeral de Política Lingüística e o Foro E. Peinador convocan un ano máis os Premios de Publicidade en Galego. Os premios están dirixidos ás empresas anunciantes, ás axencias de publicidade e aos centros educativos públicos, privados ou concertados especializados nalgúns das áreas de coñecemento que teñan que ver coa publicidade, polos traballos publicitarios que realicen e polo seu desenvolvemento técnico, respectivamente.

Establécense cinco premios, un por cada unha das seguintes categorías, segundo o medio de difusión: radio, televisión, internet, prensa escrita e un extraordinario para proxectos elaborados polo alumnado de centros educativos. As bases e o prazo de inscrición nesta convocatoria e, así mesmo, para a presentación dos traballos que concorren aos premios pódense consultar nas páxinas web da Secretaría Xeral de Política Lingüística (www.lingua.gal) e do Foro E. Peinador (www.galeguizargalicia.gal).

Sobre a utilidade da lingua galega tense escrito moito. Para recomendar

o seu uso e para estigmatizalo, tamén. Ben deitamos que os prexuízos van diminuindo e hoxe xa hai grandes corporacións que se publicitan no noso idioma. Pero aínda quedan moitos recoes de empresas e creativos publicitarios. Sen embargo, nada opoñen a que cada vez haxa máis publicidade en prensa e televisión en inglés ou francés, tal é o caso dos anuncios que as canles de televisión emiten no período das festas do nadal pregoando os arrecendosos perfumes e colonias. Tales licenzas publicitarias pretenden identificar o produto co país de orixe e sementar a idea de que se trata de algo auténtico. Efectivamente, o poder das palabras expresadas no idioma do país do produto reforza as denominacións de orixe.

Da mesma maneira que aceptan a utilización de termos científicos, porque evocarán un mundo de precisión e de infabilidade e proxectarán o foco do significado sobre un campo de prestixio, malia que a palabra utilizada sexa descoñecida pola inmensa maioría dos consumidores. Os conceptos técnicos engaiolan nos tratos comerciais. O emisor pretende gañar ao consumidor

graza ao poder sedutor dos termos científicos e as fórmulas químicas.

Na historia da publicidade en galego temos o exemplo no Calendario ZZ, que nos seus comezos foi editados pola farmacéutica Zeltia na década dos anos cincuenta, e que agora segue publicando a súa sucesora, Syngenta, radicada no concello de O Porriño.

O éxito desa publicación é o seu atractivo deseño en formato de libro de peto e os seus diversos contidos. Nel mestúranse as propiedades científicas dos produtos de aplicación ás terras de cultivos e a cultura popular na que non faltan os refrán, auténticos gps no seu tempo para intepretar os fenómenos atmosféricos de tanta importancia para a sementeira, por exemplo. O influxo das lúas no calendario cos seus santoraís, anunciando festas, feiras e mercados, son de grande utilidade para a xente que aínda vive no rural dedicada ás tarefas agrícolas.

Se temos en conta que o nivel instrución media dos labregos dos anos cincuenta era mínima, o feito de que a publicidade describise a composición química dos produtos que se ofertaban, non era ningunha dificultade para publicitalos. A terminoloxía científica avalaba a calidade dos produtos. E o idioma no que se ofrecían, malia non ter prestixio social, era comprendido

pola maioría dos clientes que se contaban por centos de miles.

Os Premios de Publicidade que agora se convocan teñen a finalidade de chamar a atención sobre un feito tan importante como é a comunicación cos consumidores, que nun 95% entenden a lingua galega. Un 80% da poboación está alfabetizada en galego, xa que logo, non hai ningunha razón para desaconsellar o uso do noso idioma na publicidade. Os prexuízos lingüísticos agora non están situados na franxa de consumidores aos que se quere seducir, e si no das empresas e creativos da publicidade que non saben ou non queren recoñecer que a cidadanía galega está capacitada para entender calquera mensaxe no noso idioma.

O Foro E. Peinador – Irmandade Galega de Agroalimentarios e Adeagueiros non cansarán no seu propósito de fomentaren o uso da lingua galega na etiquetaxe dos produtos de consumo en lingua galega que, dito de paso, cada vez son máis, malia as malas prácticas deseses estrategos publicitarios que desaconsellan o uso da lingua galega aos seus clientes. As razóns que utilizan son de evidentísima cati-veza intelectual.



■ ■ ■ Por Ramón Coira Luaces

As mámoas

O megalitismo comenza en Galiza nos albores do IV milenio antes da nosa era. É dicir, durante o neolítico. Trátase das primeiras sociedades campesiñas, que habitaban un bosque caducifolio: con carballos, piñeiros e bidueiras. O clima era cálido (máis que o actual) e chuvioso. Pola abundancia de sitios arqueolóxicos (máis de 5.000 só en Galiza) dedúcese que a poboación era numerosa e estaba espallada polo territorio. Vivían do pastoreo, da agricultura itinerante (con talas ou queimas periódicas), da pesca, caza e de colleitas de froitos silvestres. Detéctase a presenza de menos arboredo en torno aos xacementos arqueolóxicos, probablemente debido á deforestación para o aproveitamento da leña. Encontráronse muíños manuais e frechas. As mámoas ou

dolmens tiñan unha dobre faceta: eran tumbas e santuarios. Moitas entradas están orientadas ao Levante. Probablemente crían na pervivencia dos espíritos dos defuntos e no seu renacer despois da morte. Os enxovais atopados nas mámoas poden conter: 1.- Trebellos domésticos: potes e cacharros. 2.- Ferramentas e armas: machados, puntas de frecha, coitelos e facas. 3.- Obxectos de adorno e prestixio social: contas de colar, ocre, amuletos.

Lamentablemente, foron saqueadas na súa meirande parte no século XVII, durante o reinado de Felipe III.

Os dolmens adoitan estar nas “penichairas” do final das serras e adoitanse ver desde lonxe. As canteiras desde onde levaron as pedras, desprazándoas sobre troncos de árbores, normalmente están a menos de 3 Km de distancia.

As antas estaban parcial ou totalmente cubertas de terra e forradas cun anel periférico de pedras e deixando acceso á entrada.

Os máis antergos non teñen corredor. Algunhas pedras das antas teñen gravuras: soliformes, liñas en zig-zag, serpentiniformes, cruciformes, liñas onduladas,... Tamén hai restos de pinturas feitas con ocre, óxido de ferro,... e igualmente téñense atopado idoliños moi toscos. A serpe é un símbolo de renacemento (cambia de pel) e a súa representación enlaza co culto aos mortos.

Podemos falar de tres fases do me-

galitismo en Galiza:

Fase inicial, a partir do IV milenio a. da nosa era. Fase intermedia, entre o 3000 e o 2.300 a. da nosa era. E fase

serodía, coincidindo co calcolítico e coa cultura do vaso campaniforme, entre o 2.200 e o 2.000 a. da nosa era. Galiza comparte características nesta época co Norte de Portugal até o Douro, Asturias e o occidente de León e Zamora. Tamén se pode resaltar que se rastrexaba unha rede de intercambios a longa distancia entre a fachada atlántica europea: Illas Británicas, Bretaña, Noroeste Peninsular,..., se ben non na etapa inicial.

Só se apreciaba o que se coñece, por iso animo á persoa que lea isto a informarse sobre o noso rico e, con frecuencia, deteriorado patrimonio material. A foto é da mámoa da Lama, atopada en Braga.



CONDADO/PARADANTA

SALVATERRA DE MIÑO

Semana da Eurocidade

A Eurocidade Monção-Salvatererra segue a traballar na posta ao día da realidade transfronteiriza e a súa idiosincrasia, coa programación de actividades na II Semana da Eurocidade, que se celebrou no mes de setembro.

O eixo central residiu no coñecemento mútuo dos recursos educativos xa que, a día de hoxe, existen moitos desprazamentos de alumnado de ámbalas dúas vilas, que estuda noutras poboacións próximas. Dende a nosa eurocidade damos un paso máis achegando os recursos educativos de ambos lados da fronteira, coa finalidade de que tantos os organismos oficiais como os usuarios finais, neste caso alumnado de cuarto da ESO do IES Salvatererra, coñezan de

primeira man os recursos de que dispón na EPRAMI, Escola Profissional do Alto Minho interior de Monção.

A oferta formativa para este curso escolar da EPRAMI, vai dende o mantemento industrial, pasando pola mecánica do automóvil, cociña/pastelería, restaurante bar ou estética, entre outros ciclos formativos.

Nestas xornadas seguiu-se afondado na realidade do emprego. Por ser a nosa ponte internacional unha das máis transitadas por vehículos lixeiros e debido á grande demanda de información dos nosos veciños; a eurocidade é o punto de atención directa para tratar de resolver as súas dúbidas: autoemprego, modelos de contratos e outras problemáticas que se dan no territorio



da eurocidade.

Nesta semana, a Eurocidade tamén puxo en valor o patrimonio turístico, cultural e natural, coa andaina nocturna que dende o Parque das Caldas de Monção, percorreu diferentes puntos de interese e con chegada ao miradoiro do río Miño. As actividades deportivas tamén estiveron presentes na programación, cunha exhibición de deportes náuticos organizado polo Subzone de Monção en colaboración coa Eurocidade.

Salvatererra en verde, campaña de redución de bolsas de plástico



O Concello de Salvatererra de Miño entregará durante esta semana máis de 1.000 bolsas de algodón entre os nenos e nenas dos diferentes centros educativos do municipio, e entre aquelas persoas que se acheguen ao Concello, co fin de educar e por un gran de are para conseguir así unha redución efectiva no consumo de bolsas de plástico, xa que estamos vendo día a día como van parar directamente aos nosos ríos e aos nosos océanos.

Segundo a Alcaldesa, escollemos esta semana para se cabe reforzar aínda máis esta campaña de eliminación de bolsas de plástico facendo cadrar dentro das diferentes accións que se están realizando en todo o mundo dende o movemento da Marcha Mundial polo Clima.

É moi importante que fagamos unha parada no noso camiño, que levantemos a cabeza e que sexamos capaces de ver máis alá, máis alá do noso día a día, que pensemos no futuro que lle estamos deixando aos nosos fillos, pero sobre todo que sexamos conscientes en que se actuamos podemos paralo. Por iso cremos que é moi importante empezar de abaixo a arriba, dende os máis cativos, para crear conciencia e que eles

mesmos eduquen e ensinen aos maiores e así poder frear as consecuencias, que non podemos esquecer que son consecuencia dos nosos actos, que está a sufrir o planeta Terra. por algo é unha moza, Greta Thunberg, a que lidera as accións do movemento Fridays for Future.

O propio concello está a tomar medidas de mellora de eficiencia enerxética con diferentes accións como o cambio de alumado no casco urbano e na Fortaleza por bombillas de led ou o cambio das caldeiras de gasóleo por outras de biomasa en diferentes edificios municipais.

É moi importante que todos sexamos conscientes das nosas accións, que se todos facemos algo podemos conseguilo. Debemos mellorar as nosas rutinas diarias, polo cal facemos un chamamento a que non se tire a basura, a que se recicle, a que non se deixen os enseres, os colchóns, os sofás... tirados nun monte, ao lado dun contenedor.. Porque as consecuencias pagámolas todos, sexamos responsables, fagamos un uso e un consumo responsable, pero sobre todo non dañemos ao noso medio ambiente. O cambio climático afectanos a todos e todos somos parte do problema e da solución.

Mellora a accesibilidade na Casa de Cultura

O Concello de Salvatererra ven de contratar a instalación dunha plataforma salva escaleiras a través da subvención da Consellería de Presidencia, Administracións e Xustiza para a creación ou mellora de infraestruturas, dotacións, instalación e equipamentos vinculados á prestación de servizos municipais e fondos propios do Concello, cun importe total de 13.992,00€.

Con esta obra o Concello pretende instalar unha plataforma salva escaleiras Nexo – PTC V65 para dotar de accesibilidade a Casa de Cultura e que todas as persoas poidan acceder aos servizos, cursos e dotacións que alí se encontran. Non nos podemos esquecer que o longo do ano son moitas as persoas que se desprazan ata a Casa de Cultura para cursos, escola de Música, Grupos de Baile, corais, cursos do Concello ou biblioteca municipal. O edificio da Casa de Cultura está



ubicado nas inmediacións da Casa do Concello, e funciona como centro multiusos onde se realizan, como ben se acaba de redactar, numerosas actividades. Dada a antigüidade do centro faise preciso mellorar o seu equipamento. Amais e coa intención de melloralas accesibilidade preténdese adquirir este salva escaleiras para que tódalas persoas con dificultades de mobilidade poidan acceder a tódalas plantas do edificio sen problema, para conseguir así un acceso total.

Esta plataforma estará instalada nun prazo non superior

a dous meses e conta cun sistema de tracción mediante piñón. Cremalleira, brazos de protección, rampas de acceso e plataforma motorizadas, mando de presión, cun ancho de 45 cm e unha capacidade máxima de carga de 250 kg. Conta con sistemas de seguridade con dispositivos anticollisión e apilamento, micros de seguridade de final de percorrido, limitador de velocidade, plataforma e rampas de acceso a piso anti-deslizantes e brazos e bandexas de acceso de plataforma automáticos con bloqueo durante o percorrido.

SALVATERRA DE MIÑO

Obras de mellora no acceso ao IES Salvaterra de Miño

O Concello de Salvaterra de Miño está realizando as obras de mellora no acceso ao entorno do IES Salvaterra co fin de mellorar a seguridade dos máis de 500 rapaces e rapazas que se desprazan todos os días ao centro, ben sexa andando, en coche ou en autobús.

A Alcadesa de Salvaterra de Miño, Marta Valcárcel, e o Concelleiro de obras, Ernesto Groba, veñen de supervisar o estado no que se encontran as obras que se están reali-

zando no entorno do IES solicitadas polo Centro Escolar e comprometidas por este goberno local, co fin de mellorar o acceso e a seguridade vial do entorno. As obras consisten en barrer o firme para o seu posterior pintado, na colocación de bordillos que delimitan unha senda segura por onde se poderán desprazar os estudantes dende a saída do centro ata a entrada nos autobuses, o pintado e marcado dos carrís, así como



a delimitación da zona de aparcamento de turismos, unha rotonda que ordenará o paso dos vehículos, tanto autobuses como turismos, e a delimitación da zona de estacionamento dos autobuses, así como a prohibición de acceso dos vehículos, por seguridade, ao entorno da entrada do centro.

Ademáis colocárase tamén un reductor de velocidade na estrada de acceso ao instituto co fin de minorar a velocidade dos vehículos que se desprazan diariamente por esta estrada, que ademáis de dar acceso ao IES da acceso ao Polígono Industrial Chan da Ponte e conta con un nivel considerable de circulación.

Programa “Ler conta moito” en Salvaterra



O Programa Ler conta moito é un programa de dinamización da lectura que ofrece ás bibliotecas públicas da Rede a través do seu catálogo actividades de distintas categorías coas que achegar á cidadanía á lectura e á información dunha maneira lúdica e atraínte. O programa consta de dúas convocatorias: a da realización do catálogo de actividades para os profesionais da animación e a convocatoria de participación para as bibliotecas coa solicitude de actividades.

O Concello de Salvaterra de Miño, que ven participando neste programa dun xeito activo nos últimos anos, inicia

xa a programación de actividades na biblioteca o vindeiro mércores 2 de outubro co espectáculo “Icloud e o circo dos prodixios”, unha sabia dos contos.

O venres 4 tocalle o turno á maxia “Maxia divertida 2.0”, donde o Mago Paco presenta unha morea de historias a través do xogo e da maxia.

“O neno que quería ser mago” é o espectáculo do día 16 de outubro, un conto de animación a través do teatro e a maxia.

Rematamos as actividades do Ler conta Moito o mércores 23 de outubro cun “ContaCantos” música e poesía para rematar este fantástico programa.

ESPAZO TERMAL MUNICIPAL DE
SALVATERRA
TRÁNSITO DE MIÑO

HORARIO DE VERÁN
(DE XUÑO A SETEMBRO)
DE 9:00 H. A 12:00 H. / DE 19:00 H. A 23:00 H.
(Os luns permanecerá pechado por mantemento das instalacións)

HORARIO DE INVERNO
(DE OUTUBRO A MAIO)
DE 10:00 H. A 13:00 H. / DE 17:00 H. A 21:00 H.
(Os luns permanecerá pechado por mantemento das instalacións)



CONDADO/PARADANTA

SALVATERRA DE MIÑO

100 días de goberno. Un equipo, un proxecto.

Alcaldesa de Salvaterra de Miño fai valoración dos seus primeiros 100 días de goberno ao fronte do consistorio.

100 días que deron para moito, un equipo que conta con caras novas, un equipo renovado e con moitas ganas, comprometido co seu pobo e que nestes primeiros 100 días empezaron a marcar a súa liña de traballo.

Primando a educación, un ano máis concedéronse os premios á excelencia académica, para os mellores expedientes de primaria e secundaria con lotes informáticos e estadias en Inglaterra para as tres mellores notas de bacharelato. Realizáronse diversas obras de reformas nos centros educativos, mellorouse o acceso ao IES Salvaterra para incrementar a seguridade dos rapaces e rapazas que se desprazan todos os días e xestionouse o cambio de tellado do CEIP Carlos Casares. No eido

da educación tamén se fixeron obras para acondicionar a aula matinal no CEIP de Leirado e empezáronse os trámites para a ampliación da Escola Infantil de 0 a 3 anos que permitirá aumentar a oferta de prazas.

Por outro lado solicitouse e estase xa a traballar na mellora da rotonda da PO 403 que dá acceso ao Polígono Industrial Chan da Ponte que une Salvaterra con Ponteareas. Adxudicouse a obra de mellora de firme do pavillón de Leirado, firmouse o contrato coa nova empresa que xestiona axuda a domicilio, xa xestiona máis de 2.700 horas mensuais. Rematáronse tres tramos de saneamento en Arantei e Fornelos, melloramos a accesibilidade na Casa de Cultura de Salvaterra de Miño coa instalación dun salvaescaleiras, adxudicáronse nestes días as obras de arranxo de tres camiños en Lourido, Fornelos e Meder a través do Plan camiños

da Xunta. Estamos tramitando o cambio de tellado e ventanas no antigo concello para empezar a preparar ese edificio para a biblioteca municipal, adxudicouse nestes días o proxecto Deporrense da Deputación para a instalación de reductores de velocidade nas estradas municipais, ademais da mellora de firme na PO 400 e asinou un convenio coa Deputación para tomar medidas de mellora de eficiencia enerxética con diferentes accións como o cambio de alumeados no casco urbano e na Fortaleza por bombillas de led ou o cambio das caldeiras de gasóleo por outras de biomasa en diferentes edificios municipais.

Iniciouse tamén os contactos para a mediación e creación de polígonos agroforestais e aldeas modelos con Medio Rural e así frear o impacto que ten no noso municipio o abandono do rural.



Nestes días estamos tamén pondo en marcha unha campaña de sensibilización e educación no respecto ao medio ambiente, a través dos nenos e nenas do municipio, coa campaña Salvaterra Verde – Salvaterra Limpa, que intenta diminuír o impacto das bolsas de plástico no noso municipio.

100 días de traballo intenso, de reunións e novos proxectos que irán vendo a luz nos próximos meses.

Exposición “Familia non hai máis que moitas” no CEP Carlos Casares de Alxén



O CEP Carlos Casares, de Alxén conta dende o 16 de setembro e ata o 11 de outubro coa exposición “Familias non hai máis que moitas” do profesor malagueño Sergio Padral Fajardo, cedida en préstamo pola Fundación Carlos Casares. A exposición está dirixida ao público en xeral e aberta a visitas de distintos centros escolares que o soliciten, en horario de mañán de 10 a 14 horas e de tarde de 16,30 a 18 horas.

O obxectivo desta mostra é chegar ao público, a través de 16 foto-

grafías e comentarios das mesmas, a diversidade de composición do núcleo familiar que existen hoxe en día, contribuíndo así á integración. O autor retratou os distintos tipos de familias existentes no seu centro de traballo.

Esta mostra xa percorreu moitos centros de Madrid e Andalucía e ata foi merecedora do Premio Rosa Regás

Todo un luxo para o noso centro que comezou este novo curso reflexionando e traballando sobre este aspecto tan de actualidade.



“Defendendo o Tea” retira 500 quilos de lixo do río Tea na Moscadeira

A concellería de Medio Ambiente, que dirixe Rosa Covelo, agradece á plataforma “Defendendo o Tea” o intenso traballo realizado este domingo no que retiraron preto de 500 quilos de lixo do río Tea a altura da Moscadeira, no marco do proxecto Ríos de Adegá.

Pneumáticos, olas, plásticos de diversa orixe, vidro e ata unha bañeira apareceron no leito do noso río.

Alerta toallíñas

Vintecatro persoas, entre elas a nosa concelleira de Medio Ambiente, traballaron duro para amosarlle á cidadanía que con forza de vontade se poden facer grandes cousas.

Rosa Covelo destaca os milleiros de toallíñas que foron retiradas e insiste na importancia de non desbotalas polo váter porque ademais de contaminar provocan atascos.

Lembran aos veciños a “obriga que temos de coidar un espazo incluído na



rede Natura 2000 no que podemos atopar especies migratorias como o salmón, o reo e a lamprea a onde aínda se poden ver londras pola súa ribeira.

Por último, Rosa Covelo convida á cidadanía á contribuír empregando as illas de reciclaxe e quere recordarlle a existencia dun servizo gratuito de recollida de enseres (986 64 03 07) unha vez á semana e a posibilidade de achegar ao punto limpo calquera residuo ou lixo que non poida deixarse nas illas de reciclaxe. O punto limpo ofrece un amplo horario de luns a venres de 08:30 a 13:45 horas e de 16:00 a 18:00 horas estando aberto tamén os sábados de 10 a 13 horas.

Oleiros (Salvaterra) contará cun paso de peóns intelixente

A Xunta de Galicia ven de comunicar ao Concello de Salvaterra de Miño, despois de reiteradas peticións por parte do consistorio, que comezarán coa instalación dun paso de peóns intelixente en



Oleiros, na recta das Santas. Esta zona conta cunha gran afluencia de tráfico tanto de vehículos lixeiros como pesados que se trasladan diariamente por esta estrada, situación que puideron comprobar directamente os técnicos da Xunta nunha das últimas visitas realizadas a este tramo coa Alcaldesa de Salvaterra. Un tramo de estrada que ademais conta cun núcleo de poboación importante e un coleio de infantil ao lado, que coincide nas horas de entrada e saída co horario de máxima afluencia de vehículos, motivo polo cal despois de visitar a zona, a Xunta decidiu tomar medidas para aumentar a

seguridade e instalar o 4ª paso intelixente da provincia, obra que se executará nun par de semanas.

Ademais a Consellería prevé bazar o carril co fin de estreitalo e reducir a velocidade nese tramo para mellorar a seguridade dos peóns.

Un paso de peóns intelixente que busca mellorar a visibilidade e seguridade dos peóns e que conta con iluminación autónoma, cunhas medidas de 900x900, un pulsador de encendido por 170 diodos led en cores azul e branco alimentado por unha placa fotovoltaica de 30w, que activará todos os puntos de iluminación do paso de peóns.

LIMPIEZAS PONTEAREAS

Comunidades, colegios, oficinas, moquetas, abrillantado de suelos, primeiras obras, fachadas

986 661 052 limpiezasponteareas@gmail.com

Rúa As Lavandeiras, 3 bajo Ponteareas

Talleres Guiller Motor

Pazo-Lira, 24
36459 SALVATIERRA (Pontevedra)
Tel/Fax 986 66 15 41

Venta de vehículos usados

o remendón CERRAJERO

SERVICIO OFICIAL Duplimax

- Apertura de puertas
- Cambios de cerraduras
- Mantenimiento de comunidades
- Duplicado de llaves y telemandos
- Automatismos
- Amaestramiento bombillos
- Reparación de calzado

Rosalía de castro, 61
Salvaterra de Miño

637 764 865
www.cerrajeroremendon.com

O noso Eido

taberna

Especialidades en Angulas e Lampreia, Peixes do Río, Chocóns e Frango, Bacalao e Kikos a brasa.

RESERVAS: Ana 651 040 534 - Coke 646 424 968
Tel: 986 658 313 Rúa da Fraga, 5 - SALVATIERRA DE MIÑO (PO)

CONDADO/PARADANTA

PONTEAREAS

Nomeamento da Comisión Xestora do PSOE de Ponteareas

A Comisión Executiva Federal do PSOE, según determinan os estatutos federais e o regulamento de desenrolo de ditos estatutos, ven de nomear a comisión Xestora para rexir a agrupación local de Ponteareas tras a dimisión da Secretaría Xeral e a sua Executiva.

A Comisión Xestora estará presidida por Alfonso Porto Prego e contará ademais

coas seguintes vocalías: Vanesa Fernández Soage, Rubén Pérez Prego, Francisco de Asís Candeira Mosquera, Delfín Domínguez Cerdeira, Maripaz Boente Campos e Inés Vidal Rodríguez.

Os principais obxetivos desta comisión xestora, serán entre outros, representar o Partido Socialista de Ponteareas e convocar a Asemblea de afiliados nun prazo máximo de noventa días para eleixir a nova comisión exe-



Alfonso Porto

cutiva Local do PsdeG-PSOE.

ACIP denuncia o corte dun vial en Guillade pola caída de dous postes

A falta de organización municipal, fai que no barrio de Mourigade (Guillade), un vial que dá acceso a varias vivendas estea cortado fai máis dunha semana.

Tal como dicía o slogan do BNG nas pasadas eleccións municipais "Agora ven ou millor" o barrio de Mourigade leva sufrindo desde o mércores 4, o vial cortado pola caída de dous postes da iluminación pública co perigo de descarga eléctrica a calquera viandante da zona.

Desde ACiP levamos advertindo o abandono da iluminación pública nas parroquias ao goberno municipal, o cableado fóra de normativa o chamado cable "espido" de aluminio que pode provocar descargas eléctricas ao pasar por zonas onde o arboleado toca devandito cableado.

Esta situación de abandono



parécenos un desprezo do goberno municipal aos veciños das Parroquias e que provoca dous tipos de veciños os de primeira e a segunda algo intolerable para o noso grupo.

Denunciaremos ante a Concellería de industria tal situación pois ten competencias para obrigar ao Concello a que as liñas de iluminación pública cumpran a normativa vixente. É curioso que mentres os veciños temos que cumprir coas

nosas obrigaciónes o Concello incúmpreas diariamente en servizos que está obrigado a realizar e cóbranos os impostos.

O Portavoz Municipal Juan Carlos González Carrera expón que desde ACiP temos claro que isto será a práctica dominante durante o próximos catro anos, un desgoberno que só presenta proxectos faraónicos, favorecer aos seus amigos e esquecéndose das súas obrigacións.

Silvia Núñez gaña o concurso "Remata o conto"



A concellería de Cultura e Lingua, que dirixe Fernando Groba, entregou os premios do concurso "Remata o conto" acompañado de representantes de Banastra Centro Comercial Aberto.

O xurado formado por Manrique Fernández, escritor e xornalista, polo concelleiro de Cultura e pola traballadora

do departamento de cultura, Sofía Rodríguez, elixiu como gañadora desta edición a Silvia Núñez Álvarez, recaendo en Marta González Alonso o segundo premio e o terceiro en Remedios Paz Pino.

Na entrega de premios as tres gañadoras deron lectura á súa historia para que tódolos asistentes puideran desfrutar da súa creatividade.

Volve o curso de adestrador básico de fútbol UEFA B



O concello de Ponteareas acollerá un novo curso de adestrador básico de fútbol UEFA B que equivale ao antigo Nivel 1, así o adianta a concelleira de Deportes Nahir Covelo e a Escola de Adestradores da Federación Galega de Fútbol.

O prazo para inscribirse xa está aberto ata o vindeiro venres 11 de outubro. As e os interesados poden inscri-

birse na páxina web da federación (futgal.es) na pestaña ADESTRADORES e despois en ESCOLA, donde atoparedes a convocatoria.

Ante o éxito da primeira convocatoria o concello e a federación volven colaborar para que nas instalacións do Centro de Desenvolvemento Local se ofrezca esta formación para a cidadanía sen ter que desprazarse fóra da comarca.

PONTEAREAS

Ponteareas descobre unha pegada máis do paso dos romanos pola nosa terra

O museo municipal de Ponteareas ven de recibir a doazón de diferentes restos arqueolóxicos atopados nas inmediacións do Castro da Croa, en Ribadea. Uns afeccionados á arqueoloxía atoparon de xeito accidental estes restos logo de que alguén rozara nunha pequena zona do castro.

Varios restos de tégalas romanas, un elemento lítico, probablemente un machador e un trozo dun dolium pasan a formar parte da historia de Ponteareas.

Estes tesouros poderán ser admirados no museo municipal no que tamén podemos atopar restos que evidencian a convivencia das culturas romanas e castrexas. A influencia dos romanos na vida dos castrexos e castrexas plásmase nos elementos que amosan as vitrinas do museo. Un togado da época galaico-romana, moitas moedas aparecidas que os castrexos empregaban herdadas da cultura romana, vidro e un



dolium que transportaba viño e aceite ou os tellados de palla son algúns dos exemplos destas culturas.

O concelleiro Fernando Groba agradece que os restos atopados foran entregados ao museo municipal para que toda a cidadanía os poida desfrutar e felicita a estes afeccionados á arqueoloxía por este acto de responsabilidade e por contribuir á protección do novo patrimonio histórico.

O museo municipal de Ponteareas abrirá de novo as

súas portas ao público logo de rematar as obras de eficiencia enerxética do edificio da biblioteca-museo e os traballos de reorganización das instalacións para ofrecer á cidadanía un servizo e unha visita máis atractiva.

Fernando Groba adiantou que dende a súa concellería realizarán distintas iniciativas para achegar o mundo da arqueoloxía aos veciños e veciñas e promover a importancia do patrimonio histórico como parte da identidade dun pobo.

O grupo coruñés Avelaiña gaña o Concurso de Gaitas do País



O grupo Avelaiña de Teo, A Coruña, gaña o LII Concurso de Gaitas do País organizado polo concello de Ponteareas. O grupo formado polos gaiteiros Xesús Rodríguez Callejón e Raquel Vilas Otero, polo bombeiro Ricardo González Martín e polo tamborileiro Santiago López Suárez faise co primeiro premio do concurso de gaitas máis antigo de Galicia recibindo un premio de 1800€.

O segundo posto foi para o Grupo Rodamuños de Cela, Mos, o terceiro para o grupo Soñiría de Vigo e o cuarto premio para o grupo Bran Cuar-

tet. Así o decidiu o xurado composto nesta ocasión por José Manuel Gil Rodríguez, Xiana Teixeira Rei, Antonio Gutierrez Pereira, Xulia Feixoo Martínez e o polifacético produtor e músico Cristian Silva.

Este Xurado decidiu outorgar unha mención especial ao grupo "Aula de toque pechado de gaiteiros das Rías Baixas" pola súa labor na recuperación de técnicas e composicións. E outra ao grupo "Anaquiños da terra - Xuventude de Galicia" de Lisboa, polo seu labor por manter as tradicións e espírito galego fóra das nosas fronteiras.

ACIP considera inadmisíble a cesión das instalacións de Pardellas gratuitamente para un torneo en agosto a unha empresa privada

Aínda de non pagar as taxas por ser unha empresa privada que vén buscar un beneficio económico na actividade realizada, o Concello pagou diferentes gastos de aluguer de vallas, pago de trofeos, electricidade, limpeza, reparación do campo, etc., para unha actividade privada cando a lei non o permite.

O goberno amosa unha vez máis o amiguismo sen ningún reparo. Cedeu gratuitamente a unha empresa privada, no mes de agosto, as instalacións

de Pardellas para a celebración do torneo denominado 1 Torneo MS2 CUP(Michel Salgado) cobrando entrada para acceso a unhas instalacións públicas.

O Portavoz de ACiP, Juan Carlos González Carrera, solicitou ao Concello a documentación da solicitude para uso das instalacións públicas e a súa concesión, a resposta recibida foi a solicitude dunha empresa privada que o Concello non contestou, co cal non tiña autorización.

Para ACiP queda claro que as instalacións poden ser ce-

didas a calquera colectivo público sin ánimo de lucro, pero sendo para un evento privado teñen que pagar as taxas como calquera veciño. Estas prácticas de provocan situacións irregulares que non estamos dispostos a permitir, o Concello non pode por lei contribuír así a un evento privado.

Tal situación significa unha discriminación clara para calquera veciño de Ponteareas ou colectivo, centros de ensinanza privados etc., que teñen que pagar as taxas correspondentes por utilizar instalacións mu-

nicipais, ben sexan o pavillón, auditorio, pistas deportivas de tenis ou calquera lugar.

Diriximos escrito á interventora Municipal advertindo de tal situación irregular ante a chegada de facturas que o goberno municipal quere pagar por un evento privado. A máis ante o uso discriminado que se realizou no campo de herba natural, este quedou nunha situación lamentable e impracticable provocou que algún equipos tiveran que xogar fóra de Ponteareas. Solicitaremos os custes totais da reparación



Estado no que quedou o campo.

do campo e demais gastos ditos anteriormente.

CONDADO/PARADANTA

PONTEAREAS

Ponteareas presente na I Xornada Internacional do Títere como Ferramenta Social para a Saúde e a Educación

A tenente de Alcalde e a concelleira de Benestar Social participan nas mesas redondas e conferencias que pretenden dar visibilidade ao traballo con títeres e as súas diferentes aplicacións a nivel social

A tenente de Alcalde e concelleira de Ensino, Cristina Fernández, e a concelleira de Benestar Social e Igualdade, Verónica Carrera, participan nestes días na xornada "Sana, Sana I Xornada Internacional do Títere Ferramenta social para a saúde e a educación" que se celebra durante toda a fin de semana en Madrid.

Dentro do seu obxectivo de facer de Ponteareas unha cidade por e para a infancia e a mocidade, as concelleiras reciben formación e recollen información que aplicarán no deseño dos diferentes programas e proxectos que se realizarán a prol deste sector da



poboación.

Organizadas polo Centro Dramático Nacional (CDN) xunto á Dirección Xeral da Saúde Pública, Calidade e Innovación – Ministerio de Sanidad, Consumo e Benestar Social e TOPIC (Centro Internacional do Títere de Tolosa) e en colaboración co Real Patronato sobre Discapacidade e a Federación Española de Municipios e Provincias (FEMP) celébranse no Teatro Valle-Inclán de Madrid.

Estas xornadas pretenden dar visibilidade ao traballo con

títeres e as súas diferentes aplicacións a nivel social, educativo, saúde e artístico. A través de poñencias e mesas redondas a cargo de profesionais de Chile, Reino Unido, Italia, Estados Unidos, Sudáfrica, Argentina, España e India, o CDN, pretende converterse nun lugar de encontro entre artistas escénicos e profesionais dos citados sectores para que, dende a práctica ou o consumo cultural, se acheguen ao teatro de obxectos e ao seu potencial.

A ludoteca municipal abre a partir do 1 de outubro

A ludoteca municipal informa que o día 1 de outubro comeza a actividade abrindo as súas portas de 16 a 20 horas de luns a venres.

Arranca o curso con dous

grupos, un de 6 a 8 anos e outro de 9 a 12 anos. As familias interesadas poderán inscribirse e obter información no número de teléfono 673 794 760.

Xogos cooperativos, manuais, recuperación vivencial

de tradicións, obradoiros de ecoloxía, saídas medioambientais ou obradoiros como o de fabricación de candeas, coiro, bixutería e defensa persoal son algunhas das propostas coas que medrar aprendendo.

A carreira de orientación recadou fondos para o refuxio de animais Os Biosbardos



O refuxio de animais Os Biosbardos quere agradecer a iniciativa da concellería de Medio Ambiente que dirixe Rosa Covelo, ao organizar a primeira carreira de orientación que recadou fondos para o seu centro.

A proba, organizada por Toxo Aventura e Natureza, comezou ás 10:30 da mañá e desenvolveuse por toda a zona urbana. Máis de 70 participantes disfrutaron desta "toxoaventura" e aínda que a primeira hora foi unha experiencia pasada por auga, a choiva non evitou que os participantes gozaran deste deporte. A afluencia foi variada pero sobre todo participaron familias con nen@s, sendo o participante máis novo un bebé de 39 días.

O equipo gañador na categoría Toxiño foi "Tartaruguñas", mentres que na categoría Toxo foron "Os Toni-

nos" e na categoría Toxeira "Os Morosos".

A orientación é un deporte pouco coñecido que se practica cun mapa e no que hai que facer un percorrido determinado. A idea é pasar por cada un dos puntos de control indicados no mapa sempre na orde establecida e no menor tempo posible. Pódese ir en grupo (de ata 4 persoas) ou de xeito individual. E ademais hai tres categorías diferentes para cada proba que fan accesible o deporte a calquer grupo de idade e nivel físico.

Os Biosbardos está aberto a toda a cidadanía que pode participar non só sendo socio se non tamén como fogar acolledor ou voluntario colaborando nas tarefas de limpeza ou de transporte de animais feridos, entre outras achegas. As persoas interesadas poden contactar no teléfono 600 356 891.

FUCO PRADO



A Concellaría de Mobilidade marca os seus obxectivos para o actual mandato

O Plan de Mobilidade adxudicarase esta semana e inicianse os trámites para adxudicar a humanización da Rúa Redondela

A Concellaría de Tráfico e Mobilidade que dirixe Roberto Mera fixo públicos os seus obxectivos para o actual mandato coincidindo coa Semana Europea da Mobilidade.

Mera explicou que as políticas de mobilidade terán como punto de partida o Plan de Mobilidade Sustentábel e de Accesibilidade nos Espazos Públicos, que, cun importe de 32.000 euros, se prevé adxudicar esta semana. “O Plan estará acompañado dun proceso de participación cidadá e deberá estar redactado antes de finalizar o ano. Nel determinaranse todas as actuacións que debemos acometer nos

vindeiros anos en materia rede de estradas, rúas e beirarrúas, de tráfico rodado a motor e estacionamentos, mobilidade a pé ou en bicicleta, seguridade vial, transporte público e supresión de barreiras arquitectónicas”.

O concelleiro marcou dúas liñas de traballo e obxectivos na súa área para os vindeiros catro anos: a mobilidade sustentábel e a accesibilidade universal.

No primeiro caso, o goberno local fomentará os desprazamentos peonís e ciclistas reducindo os motorizados, dando un gran impulso aos proxectos de humanización no centro urbano. Abordarase a mellora do

transporte público, tanto interurbano como entre as parroquias e o centro urbano, dando ademais unha solución definitiva á situación da Estación de Autobuses. Respecto ao tráfico motorizado, ampliaranse os aparcamentos aproveitando as novas previsións do PXOM e se abordará a desconxestión viaria reordenando o tráfico urbano e analizando as alternativas de conexión da vila coa A-52 e desta co parque empresarial da Lomba. Tamén se adoptarán medidas urxentes en materia de seguridade viaria, especialmente no relativo a pasos de peóns, moitos deles perigosos por falta de iluminación ou existencia de obstáculos visuais.

En canto á accesibilidade universal, logo da diagnose que se fará no Plan de Mobili-



dade sobre a situación actual, executaranse numerosas medidas de mellora nos espazos e edificios públicos e na rede viaria que garantan a accesibilidade das persoas con mobilidade limitada.

Mera informou de medidas adoptadas hoxe en materia de mobilidade: por unha banda iniciouse o procedemento para adxudicar a humanización da

rúa Redondela, logo de recibir a autorización de Patrimonio hai poucos días; por outra parte, a Concellaría de Mobilidade deu hoxe resposta a unha importante demanda social coa publicación dos horarios refundidos de todas as liñas de autobuses que operan en Ponteareas, dispoñíbeis xa na web municipal e na propia Estación de Autobuses.

A Xunta Local de Seguridade acorda reforzar a cooperación entre Policía Municipal e Garda Civil

As xubilacións e traslados do último ano a outros concellos deixan á plantilla da Policía Local baixo mínimos

A Xunta Local de Seguridade de Ponteareas celebrou onte unha reunión extraordinaria a petición do Alcalde Xosé Represas que presidiu o encontro no que participaron o vicesecretario xeral e o asesor da Subdelegación do Goberno en Pontevedra, a xefa da unidade de Violencia de Xénero, o capitán xefe da Garda Civil da 1ª comandancia de Tui, o brigada comandante da Garda Civil do posto de Ponteareas e

o secretario municipal, ademais do oficial da Policía Local e do concelleiro de Tráfico e Mobilidade, Roberto Mera.

Na reunión abordouse a necesidade de intensificar a cooperación entre a Policía Local e a Garda Civil. O Alcalde Xosé Represas e o concelleiro de Tráfico e Mobilidade Roberto Mera expuxeron a situación da plantilla da Policía Local que conta na actualidade con só seis axentes activos e seis auxiliares, un número “claramente insuficiente para atender tres turnos diarios de traballo, sete días á semana”, sinalou Represas.

O alcalde explicou que das 22 prazas de axentes que existen en plantilla, 12 están vacantes, 3 están de baixa médica prolongada e un atópase en prácticas na Academia de Policía. A maioría das vacantes débense a xubilacións, excedencias e traslados a outros concellos que se produciron no último ano. Represas lembrou que as prazas de axentes non se poden cubrir de forma inmediata en interinidade e requiren procesos lentos de selección e formación que se poden demorar até un ano e medio. Na actualidade Ponteareas ten convocadas cinco



prazas para axentes que se prevé incorporar a mediados de 2020 e a intención é convocar outras cinco nos vindeiros meses que se incorporarían ao Concello en 2021.

Á vista da situación os representantes da Subdelegación do Goberno e Concello, así como os mandos da Garda Civil e da Policía Local, acordaron reforzar a colaboración entre

os dous corpos de seguridade para aproveitar con eficacia os recursos humanos dispoñíbeis e garantir altos niveis de seguridade en Ponteareas.

Na reunión facilitáronse tamén os datos sobre o índice de delitos en Ponteareas, salientando que se confirma e consolida a tendencia á baixa iniciada xa nos últimos tempos.

CONDADO/PARADANTA

MONDARIZ

O goberno de Mondariz dá os primeiros pasos para lograr un orzamento

O goberno de Mondariz, formado por tres concelleiros do BNG e un do PSOE, rematou esta semana os primeiros contactos políticos para establecer unha folla de ruta no proceso de elaboración do novo plan orzamentario municipal. O concelleiro de Facenda, José Luis Fernández, recibiu do alcalde, Xosé Emilio Barros, a encarga de iniciar esta importante labor; e así llo fixo saber a todos os partidos políticos representados no Pleno da Corporación Municipal a través dunha convidación formal a manter unhas primeiras reunións por separado.

Por cortesía política, o goberno non fixo pública esta convocatoria cando convidou

aos portavoces dos partidos de oposición e decidiu agardar á resposta de cada formación. Tanto o Partido Popular, con dous concelleiras, coma Ciudadanos, con un, manifestaron a súa vontade de reunirse individualmente co concelleiro de Facenda para intercambiar puntos de vista sobre a elaboración do orzamento municipal para 2020. O único partido político que se negou a manter estas primeiras reunións de carácter bilateral foi Alternativa por Mondariz, con catro concelleiros.

Estos primeiros contactos tiveron lugar durante a última semana e serviron para pór en común a urxente necesidade de aprobar un novo orzamento municipal. O Concello

de Mondariz funciona actualmente cun orzamento de 2017, pois nos últimos dous anos foi aprobado mediante o extraordinario procedemento da cuestión de confianza. Esta situación ten enormes consecuencias para a xestión política municipal, xa que non se adapta ás necesidades actuais. Os veciños e as veciñas son, finalmente, os máis perxudicados. En palabras do alcalde e concelleiro de Desenvolvemento Económico e Turismo, Xosé Emilio Barros, "elaborar un novo orzamento é fundamental para poder desenvolver políticas en materia de turismo, sectores primarios e áreas estratéxicas para o futuro de Mondariz".

Despois destes primeiros



o alcalde de Mondariz, Xosé Emilio Barros, e o concelleiro de Facenda, José Luis Fernández, na Casa do Concello.

contactos individuais, coas posicións políticas respecto á elaboración dun orzamento máis maduras, o goberno continuará negociando a folla de ruta para acadar un plan orzamentario municipal de consenso, que é un dos seus ob-

xectivos principais neste ano. "Volveremos a convidar a AporM para que se sume ás negociacións en curso porque entendemos os orzamentos coma un traballo conxunto de toda a Corporación Municipal", sinala José Luis Fernández.

AporM declina asistir a unha reunión "individual" co Goberno local para tratar os Orzamentos 2019

Alternativa por Mondariz anunciou a súa intención de non asistir a unha "reunión individual" convocada polo Goberno do BNG-PSOE de cara a tratar a elaboración dos Orzamentos 2020.

A formación que encabeza Xoán Carlos Montes Bugarín, nun escrito presentado no Rexistro do Concello asegura que "a transparencia non se fomenta con reunións individuais cos grupos da oposición" xa que dita postura "só xera opacidade e máis crispación ao clima político existente".

Ese é un dos motivos que levan a AporM a instar ao Goberno local a "apostar pola transparencia" e que as reunións para a elaboración dos orzamentos "sexan conxuntas e abertas a todos os partidos



políticos que conforman a Corporación Municipal".

A postura amosada pola formación independente baséase no coñecemento da importancia "que uns orzamentos teñen para o municipio" e, polo tanto, para o conxunto da veciñanza.

Considera AporM "que non é o momento de seguir dividindo á Corporación Municipal

e facer reunións individuais" senón que é ao goberno actual "como responsable da situación política existente" a quen lle corresponde "tender pontes entre todas as forzas políticas co obxectivo de acadar o documento orzamentario consensuado ao que fai mención o concelleiro de Facenda no seu escrito", apunta Xoán Carlos Montes.

MONDARIZ

Mondariz presenta unha nova edición do festival Outono en Son

O coro "Mistura Vocal" e o Concello de Mondariz presentaron a terceira edición do festival de música coral Outono en Son na Praza de Abastos da localidade. Este evento está programado para o 5 de outubro na propia Praza de Abastos de Mondariz, un espazo pouco habitual para actividades culturais que xa demostrou a súa idoneidade acústica e ambiental en pasadas edicións.

Outono en Son 2019 contará cunha selección de coros galegos e portugueses que se sitúan á vangarda da música coral e acreditan un gran palmarés neste eido. Por primeira

vez, o festival recibe invitados doutros países e asume certo carácter internacional. A participación de coros portugueses, ademais, pon de relevancia a tradicional irmandade galego-portuguesa no eido do intercambio cultural.

Abrirá o festival o coro anfitrión "Mistura Vocal", que se atopa preparando a súa participación no concurso Gran Premio Nacional de Canto Coral, previsto para o mes de abril en Ejea de los Caballeros (Zaragoza), despois de gañar o concurso nacional de coros de San Vicente de la Barquera (Cádiz). "Mistura Vocal" está formado por cantores de toda

a zona sur da provincia de Pontevedra e destaca por ter un variado repertorio musical. Baixo a dirección de Aloia Martínez, interpretarán obras corais desde o Romanticismo ata a actualidade, sen esquecer a música dos autores galegos contemporáneos.

Continuará o "Coro de Cámara de Barcelos", un conxunto vocal relativamente xove que está gañando unha notable relevancia. Os seus 12 integrantes interpretarán un variado repertorio de música contemporánea, principalmente, no que as obras de autores portugueses terán especial protagonismo.

Pechará o festival o coro



O alcalde, Xosé Emilio Barros, e a concelleira de Educación e Cultura, Anxos Carballo, con membros de "Mistura Vocal".

"Coura Voce", unha formación feminina de 30 integrantes que xurdiu dunha colaboración entre a Cámara Municipal de Paredes de Coura e o Conservatorio Regional do Alto Minho e traballa na valoración e divulgación da música vocal. Malia a curta idade das cantoras, este coro presenta moi variados e complexos reperto-

rios. Nesta ocasión, afondarán na polifonía contemporánea e no folclore baixo a dirección de Vítor Lima.

O carácter profano da Praza de Abastos, unido á coidada iluminación do interior deste histórico espazo comercial despois da súa restauración, permitirá unha maior conexión popular con este tipo de música.

Mondariz aproba un Plan Económico Financeiro para corrixir desaxustes orzamentarios

O Pleno da Corporación Municipal de Mondariz aprobou o venres, 27 de setembro, un Plan Económico Financeiro para os anos 2019-2020 que propón varias medidas de actualización fiscal e contención do gasto corrente para corrixir un desaxuste orzamentario por importe de 56.876,90 euros.

Esta suma corresponde á denominada regra de gasto, un dos parámetros controlados pola lei de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira de 2012. Malia que o Concello de Mondariz cumpriu os obxectivos de estabilidade orzamentaria e de débeda pública, excedeu o gasto corrente durante o exercicio 2018. Este incumprimento da regra de gasto quedou de manifesto en marzo de 2019, durante a liquidación do orzamento. En consecuencia, esixiuse a elaboración dun Plan Económico Financeiro

en maio de 2019.

Neste documento, que foi levado ao Pleno na última sesión ordinaria, conclúese que a causa principal do desaxuste foi a existencia de facturas pendentes de aprobación e aplicación ao orzamento a finais de 2018, que son débedas non reflexadas pola contabilidade a efectos de calcular o resultado orzamentario e o remanente de tesourería, pero constitúen obrigas con provedores que o Concello debe atender e, polo tanto, incrementan o gasto computable.

Para corrixir este desaxuste de 56.876,90 euros na regra de gasto, o goberno xa destinou os 16.425,24 euros derivados da redución, en xuño, dos gastos por dedicación exclusiva do teniente de alcalde. Como non é suficiente, o Plan Económico Financeiro 2019-2020 inclúe outras medidas de carácter fiscal, coma a regulación dunha taxa por li-



cencias urbanísticas municipais, ou relacionadas con políticas de contención e control de gastos correntes en bens e servizos municipais.

Durante a exposición pública deste asunto no Pleno da Corporación Municipal, o concelleiro de Facenda do equipo de goberno, José Luis Fernández, apuntou que este desaxuste xurdiu porque non había partidas orzamentarias para sufragar eses gastos correntes e instou a todos os grupos políticos, incluído Alternativa por Mondariz, a participar na negociación dun novo plan orzamentario que responda á re-

alidade económica actual do Concello de Mondariz.

Nos dous últimos anos, o orzamento municipal foi prorrogado porque non existía consenso para a súa aprobación por maioría. Esta situación tivo como consecuencia que Mondariz estivese funcionando en 2019 cun plan orzamentario pensado para 2017 que xa non se adaptaba ás necesidades de gasto do Concello.

O Plan Económico Financeiro 2019-2020 foi aprobado con sete votos favorables (BNG, PSOE, PP e Ciudadanos) e catro abstencións (AporM).

Mondariz dá a coñecer o seu patrimonio natural e cultural

Durante os meses de agosto e setembro, o Concello de Mondariz deu a coñecer o seu patrimonio natural e cultural a través dunha serie de actividades gratuítas que atraeron a case 150 persoas. A última delas foi unha ruta en bicicleta pola contorna do río Tea guiada por un educador ambiental.

A ruta, dirixida a maiores de 14 anos, comezou ás 10 horas da mañá na praia fluvial do Val, en Mondariz. Alén dos aspectos lúdicos e deportivos asociados á bicicleta, busca achegarse ao río Tea e aos seus afluentes, o Xabriña e o Aboal, para coñecer o seu estado de conservación, a súa fauna e flora, e métodos sinxelos de coñecemento da mesma (calco de cortizas, reprodución de pagadas,...). A ruta tivo un percorrido aproximado de 12 km.

CONDADO/PARADANTA

Adxudicadas por máis de 370.000€ as obras de mellora da eficiencia enerxética

A concellería de Ensino que dirixe a tenente de alcalde Cristina Fernández e a concellería de Vías e Obras, que dirixe Chus Garrote, informan que se ven de adxudicar as obras de mellora da eficiencia enerxética do conservatorio municipal a unha empresa local polo total de 371.370,27€ (ive incluído) a través dun concurso público aberto para garantir a igualdade de oportunidades. Nesta adxudicación o concello conseguiu un aforro de 19.545,81€ respecto ao valor de licitación.

Cristina Fernández mantivo un encontro coa empresa adxudicataria para establecer os horarios de realización dos traballos co obxectivo de non entorpecer a actividade lectiva e de interrompirla o menos posible ás máis de 200 familias usuarias e ao equipo docente. De feito que este xa era un dos aspectos que se valoraron á hora da adxudicación.



A empresa construtora adiantou que as obras serán realizadas en horario de mañá e se fose preciso tamén nas fins de semana e festivos para que o conservatorio municipal abra as súas portas con normalidade cada tarde de luns a venres.

O proxecto enmárcase dentro da estratexia "Ponteareas, hábitat saudable" que conta co apoio da Unión Europea a través dos fondos de Desenvolvemento Rexional.

A concelleira de Vías e

Obras, Chus Garrote, detalla que o proxecto contempla o cambio completo da cuberta, a substitución de ventanais e luminarias, a insonorización dalgunhas aulas, arranxos e impermeabilización das paredes exteriores, entre outras accións que repercutirán no aforro enerxético, en dar un paso máis na contribución da protección medio ambiental e que suporán ofrecer á comunidade educativa un espazo de maior comodidade e calidade.

Presentación do libro de relatos "Os anos indecisos", de Manrique Fernández

A concellería de Cultura e Lingua, que dirixe Fernando Groba, convida á veciñanza á presentación do libro do último libro do xornalista Manrique Fernández, o sábado día 5 de outubro na sala multiúsos do auditorio municipal de Ponteareas. A presentación do libro "Os anos indecisos" comezará ás 20:00 horas e o autor estará acompañado polo editor e Director Xeral de Galaxia, Francisco Castro, e pola tamén escritora Anna R. Figueiredo.

"Os anos indecisos" é unha colección de sete relatos cos que o autor pretende explorar a relevancia das decisións que tomamos e como afectan ás nosas vidas e ás de outros, así como a incertidume que pode chegar a provocar a dúbida á hora de facerlles fronte a esas decisións. Os relatos están ambientados en distintos escenarios pero todos eles



falan de cuestións de actualidade, como a inmigración, os malos tratos á muller ou á infancia, a precariedade laboral, o papel dos medios de comunicación ou os desafuzamentos, entre outros.

Manrique Fernández é xornalista e, ademais de narrativa, ten cultivado a poesía, o teatro, a biografía ou o ensaio. Tamén mantén un blog de opinións literarias e colabora co Concello de Ponteareas en diversas iniciativas culturais, sendo coordinador do ciclo "Venres D_letras".

Constituída a plataforma SOS Fonte de Troncoso

O sábado 21 de setembro tivo lugar a asemblea fundacional da plataforma popular SOS Fonte de Troncoso. Arredor de corenta persoas, reunidas no propio edificio de Antonio Palacios, decidiron iniciar o traballo de denuncia do estado de abandono do patrimonio de Mondariz Balneario, en especial, e pola urxencia do seu estado, da coñecida Fonte que deu orixe ao termalismo no pobo.

Desta xuntanza saíu un grupo de traballo que se centrará en dar forma ás diferentes pro-

postas reivindicativas que se formularon neste primeiro en-

contro. Alén de esixir as administracións competentes que



Tres días despois da constitución da plataforma o Concello valou a Fonte de Troncoso



asuman as funcións que lles outorga a Lei de Patrimonio, tamén se decidiu levar a cabo actividades na Fonte e no seu entorno para pór en valor a Fonte de Troncoso, un lugar de especial relevancia cultural e sentimental.

A resposta do Concello de

Mondariz Balneario, tres días despois, foi pechar o acceso público á Fonte, valando unha zona que – pese ao abandono – non ofrecía perigo de derrube mais sen iniciar o apuntalamento provisional do edificio nin as obras de rehabilitación que esixe a plataforma popular.

ARBO

Prorrogado por dous anos o contrato de análise de augas de consumo urbano

Con data 22.05.2017 e por acordo da Xunta de Goberno Local acórdabase adjudicar o contrato de prestación dos servizos de análises da auga de consumo humano do Concello de Arbo, á mercantil "AKUNATURA DE OURENSE S.L.", por un importe total

de 5.677,39 €/ano por dous anos, contrato que se prorrogaba ata o ano 2021 por acordó da Xunta de Goberno local do pasado mes de xullo motivado pola proposta da alcaldía que incidía na importancia de que as augas de consumo humano estiveran controladas de

forma periódica.

Ter unha empresa propia para analizar a auga, ademais dos controles que realiza a Xunta, foi algunha das novidades que introduciu coa chegada ao Concello do seu goberno, porque ata ese momento non se prestaba este servizo de control.

Achega para a rehabilitación dunha das antigas vivendas de mestres

O Concello de Arbo recibe unha achega por importe de 8.269,00€. Para o ano 2020, do Instituto Galego de Vivenda e Solo para rehabilitar unha das vivendas de mestres de Cequeliños.

O Concello pretende comezar as obras no mes de

Xaneiro e presentar nova solicitude para rehabilitación da segunda vivenda que queda pendente.

As vivendas destinaranse, en réxime de alugamento, á residencia habitual e permanente de unidades de convivencia con ingresos inferiores a 2,5 veces o

IPREM.

O Concello dispón neste momento de dúas vivendas, de antigos mestres, de titularidade municipal situadas na parroquia de Cequeliños e que ambas precisan de obras de acondicionamento e rehabilitación para ser novamente habitables.

Escolas deportivas en arbo



O concello de Arbo pon en marcha as escolas deportivas provinciais "Deporte Escolas", coa colaboración da Deputación Provincial e a ANPA, coas actividades de patinaxe e baloncesto.

As actividades ofertadas van destinadas para os nenos de Arbo, con idades comprendidas entre os 5 e os 15 anos e son gratuítas. A solicitude de inscrición para os nenos es-

colarizados no CEIP Antonio Carpintero, unha vez cuberta, entregárase no colexio.

Abriaranse dous prazos para a presentación de solicitudes: un do 16 ao 30 de setembro de 2019 e outro do 4 de novembro de 2019 ao 13 de xaneiro de 2020. Os nenos non escolarizados no CEIP Antonio Carpintero que queiran participar, poderán solicitar e presentar a inscrición no Concello de Arbo.

Aberta a inscrición para o curso na Escola da Banda de Arbo



A Banda de Música de Arbo, abre o prazo de inscrición para o curso 2019-2022 na Escola de Música. A Escola de música da Banda ten o obxecto de formar a rapazas e rapaces a partires dos 6 anos para que poidan formar parte da banda de Música Infantil e da Banda de Música. Os educados comenzan aprendendo nocións de solfeo e teoría musical. Cando teñen coñecementos suficientes comen-

zar a recibir clases do instrumento escollido ata que pasan a formar parte da Banda Infantil. A escola dispoñ das especialidades de Fruta Traveseira, Oboe, Clarinete, Saxofón, Trompeta – Fliscorno, Trompa, Trombón, Bombardino, Turba e Percusión. Un total de aproximadamente 30 nenos forman parte da Escola de Música de Arbo. Para máis información nos teléfonos: 610495239 - 662450699

Ensanche e pavimentación do vial Pividal-Mourentán

O Alcalde de Arbo, Horacio Gil, comprobaba o estado das obras que se están realizando en Pividal na parroquia de Mourentán do termo municipal de Arbo

As actuacións que se están realizando pretende mellorar o servizo que ofrece para os seus usuarios o vial obxecto do proxecto, pois é un camino moi utilizado, tanto por vehículos como por peatons.

O camiño atopase pavimentado na actualidade con firme de mezcla bituminosa en quente, pero o ancho é de 3,00 metros, sendo moi escaso en toda a súa lonxitude, e moi perigoso en certos puntos do seu trazado, pretendéndose obter un ancho de calzada de cinco metros e en distintos puntos da obra executarase una cuneta revestida de un metro, polo que se planea conseguir una plataforma constante de seis metros de ancho.



Na parte final da obra executarase un ensanche puntual para permitir que os vehículos poidan dar a volva, xa que a partir de ahí, a pista non permite a circulación dos mesmos, e na actualidade, esa zona final é demasiado angosta.

Todos estes camiños atópanse moi deteriorados e destaca a mellora da seguridade da seguridade vial como obxectivo principal das inversións realizadas polo goberno.

Festa de encerramento das Oficinas de Verão em Terras de Bouro

Realizou-se no Auditório do Centro de Animação Turística do Gerês a Festa de Encerramento das Oficinas de Verão 2019, promovidas pela Câmara Municipal de Terras de Bouro, nomeadamente, em Moimenta (na Sede do Centro Municipal de Valências), Rio Caldo e no Gerês (Pólos do Centro Municipal de Valências) e nas quais participaram 111 crianças, com idades compreendidas entre os 3 e os 12 anos de idade.

Durante a realização do evento foram exibidas animações multimédia onde foram registados os momentos mais marcantes das atividades desenvolvidas nas Oficinas de Trabalhos, das quais se destacaram as visitas à piscina, ao rio, à praia, os passeios ao parque aquático de Fafe, Magikland em Penafiel, Scorpions em Guimarães, visita a Guimarães e Braga, realização de trilhos pedestres, ateliers de artes plásticas, ateliers de música/dança/ginástica, ateliers de teatro, ateliers de culinária, hora e ateliers do conto, jogos lúdicos, desportivos, dramáticos de estratégia e tradicionais, projetos educativos (Projeto promovido pela GNR "Sensibilizar, Crescer e Atuar"), participação nas festividades em honra de S. Bento da Porta Aberta, Feira Romana e atividades desenvolvidas



com diversas entidades do concelho.

Ainda na sessão, cada uma das ATL's apresentou duas coreografias preparadas para o acontecimento que abrilhantaram o momento e contagiaram com alegria todos os presentes. Durante a manhã decorreu também, junto à colunata, uma demonstração das várias forças de segurança que integram a GNR, no âmbito do projeto "Sensibilizar, Crescer e Atuar", desenvolvido em parceria com a CPCJ.

No encerramento da festa marcou presença a Vereadora da Educação, Dr.ª Ana Araújo, que aproveitou para agradecer às diversas entidades parceiras neste projeto pela colaboração prestada, assim como o trabalho desenvolvido pelos diversos trabalhadores deste município que foram fundamentais para o sucesso de mais uma edição das Oficinas de Trabalhos. Terminou frisando que a Câmara Municipal continuará empenhada em promover no futuro a dinamização de outras Oficinas de Trabalhos.

Transporte gratuito para todos os alunos de Monção

A Câmara Municipal de Monção está apostada em reforçar as condições de funcionalidade e aprendizagem nos estabelecimentos de ensino do Agrupamento de Escolas de Monção, assegurando um conjunto de medidas para implementação no ano letivo 2019/2020.

Além do apoio para a aquisição de material de limpeza e cedência de material escolar aos estabelecimentos de ensino, o Município de Monção vai garantir transporte escolar gratuito a todos os alunos e oferecer as fichas de atividades do 1º, 2º e 3º Ciclo (7º Ano) aos alunos do ensino público.

Além de constituir um importante apoio financeiro para os encarregados de educação, a oferta das fichas de atividades, que acontece pelo segundo ano consecutivo, contribui para a rentabilização da economia local, uma vez que o levantamento das fichas apenas é possível nas papelarias do concelho.

O transporte escolar gratuito abrange todos os patamares de ensino público, havendo a preocupação da autarquia em definir trajetos que permitam aos alunos sair mais tarde e chegar mais cedo a casa. Uma vanta-

gem para quem vive nas zonas mais afastadas da sede do concelho.

Referência ainda para intervenções estruturais no parque escolar do concelho, tendo decorrido trabalhos de beneficiação em vários estabelecimentos de ensino do concelho, visando receber os alunos, professores e auxiliares nas melhores condições de comodidade e funcionamento.

Destaque também para a comparticipação na alimentação dos alunos com escalão, prolongamento de horário com atividades extracurriculares, distribuição de fruta, hortícolas e leite e apoio na frequência do ensino superior público com aprovação de 15 bolsas de estudo para os jovens que frequentam aquele nível de escolaridade.

Neste capítulo, sublinhe-se ainda o Projeto School4All – Monção, o qual visa desenvolver uma ação concelhia inovadora no combate ao insucesso e abandono escolar precoce, promovendo a igualdade de acesso a um ensino de qualidade. Pretende ainda fortalecer a participação das famílias e da comunidade no desenvolvimento integral dos alunos.



ALFESO
Asesoría de Empresa

FISCAL - CONTABLE - LABORAL - MERCANTIL - IMPOSTO SUCESIÓNES
TODO TIPO DE XESTIÓN COAS INSTITUCIÓNS PÚBLICAS

Paseo Matutino, 4 - Entlo. B · 36860 PONTEAREAS · T. 986 66 00 00 · F. 986 66 01 03